



O folk silandeiro

DEZ ANOS DE FÍA NA ROCA, grupo de discografía lenta pero moi activo en directo. A sona internacional desta formación galega foi gañada a pulso

XOSÉ FREIRE

Fía na Roca é un grupo de folk que, segundo avanzou o tempo, se foi coando silandeiramente no panorama musical galego, con tres discos en dez anos, o que non é moito, mais si de abondo para que poidamos percibir con nitidez cales son os alicerces sobre os que constrúe o seu folk. Tonalidades elegantes, arranxos que sorprenden, e onde aniñan as fusións e as combinacións coa modernidade —creando, deste xeito, unha diversidade estilística unida a unha decidida riqueza tímbrica—, un claro son de seu... velai as claves que reflicten o ideario que os integrantes do grupo teñen do folk, do seu evolucionar e mais da tradición: base imprescindíbel sobre a que ergueren o seu edificio musical. Fía na roca fixo uso da liberdade que dá a forza de poder escoller, reivindicando e definíndose como un grupo moderno, pero tendo como referente a tradición.

E Fía na Roca está de aniversario: o grupo acaba de cumprir dous lustros de dedicación á música, celebrando con ledicia e optimismo a superación dos atrancos que inzan calquera carreira artística. Así, os comezos da formación arrincan de Xorima, un grupo no que atopamos xa a Xavier Bueno, Quin Farinha ou Xosé Ramón Vázquez, trío que anceaba un folk novo, entrar na modernidade... dun xeito a como o estaban a facer neses momentos os Matto Congrio, onde xa destacaba o talento interpretativo dun Carlos Núñez mozo á beira da visión musical e compositiva de Anxo Pintos. E xorde, daquela, un mundo de posibilidades que se irán solidificando dende o primeiro disco que foi, xustamente, bautizado con nome do grupo e cuxa portada saíu do lapis de Miguelex Prado. Un disco, polo demais, moi ben recibido alén das nosas fronteiras e elixido pola BBC para ser a banda de son do programa do Xacobeo 93 en Europa. *Fía na roca*, o disco, senta as bases do seu son, nomeadamente nos arranxos: algo que vai ser unha das características fundamentais para manter a orientación do grupo cara á modernidade, sen destruír as pontes co tradicional.

A segunda entrega, *Agardando que pase algo*, chega en 1997. Nela colaboran co pintor Xoán Guerreiro na súa exposición itinerante. De novo, e ao igual que no primeiro, a ollada internacional fíxase na música que está a facer Fía na roca e escóllenos para formar parte do *Celtic Twilight*, álbum dirixido ao mercado americano. Cómpre subliñar, porén, que esta repercusión internacional non solucionou a inestabilidade na que estaba a vivir o grupo, cun constante cambio de integrantes, mais conservando sempre a medula espinal do seu son e os arranxos de X.R. Vázquez. A autoprodución, que se ben ten a vantaxe de ser os donos da música e poder controlar e dispor dela, devala tamén nunha falta de seguridade que se materializa

na falta de apoio dunha discográfica. Isto é, a cara e a cruz da mesma moeda.

A chegada do terceiro disco, *Contravento*, supuxo a colaboración, no eido gráfico, co fotógrafo Xosé Garrido. Ao tempo prodúcese un cambio cualitativo importante no son, que repercute directamente no seo do grupo: a incorporación como membro de pleno dereito de Sonia Lebedynski, quen contaba entón con quince anos e que achegará a voz feminina. Incorporación que outros grupos da mesma órbita conseguían de xeito puntual por medio das colaboracións, ben individuais ou colectivas. Bo exemplo de tal proceder é o pulo acadado polas pandereiteiras.

O CUARTO ÁLBUM, EN DIRECTO

Fía na Roca aproveita o seu aniversario para editar un novo disco, '10 anos ao vivo', gravado nunha serie de concertos no teatro Principal de Santiago

Fía na roca é un grupo de produción discográfica lenta, mais moi activo en directo. En Ortigueira coinciden coa formación da provincia francofona do Québec, La Bouttine Sonriente, que están a celebrar o seu 25 aniversario coa gravación dun documental dirixido por Renal Bellenare, ao que os Fía

na Roca son convidados. A aceptación do convite e mais a participación na fita confirman que o grupo sempre foi un chisco máis aló do musical: cómic, pintura, cine...

Agora, coa celebración do décimo aniversario, editan un novo disco, *10 anos ao vivo*, gravado durante unha serie de concertos no teatro Principal de Santiago de Compostela, onde o máis destacábel é a falta de artificios, a sinceridade, sen engadidos nin colaboracións. Nel atopamos unha formación en estado puro, como o podemos escoitar en calquer concerto, abeirando a tradición cos ecos doutras músicas tales como o jazz, funk, mesmo o rock de vangarda. Porén, cancións como

Mikaela, O afador de Tella, Contravento, A Mesquita's, De F o l g a , A cega de pena ou a dramática *Baile de Pandeiros* son quen de nos mergullar máis nun auténtico

concerto en vivo que nun disco de celebración. Todo un esforzo, pois, posto ao dispor da tradición máis innovadora e seguindo, xa que logo, a máxima do seu arraxista, pianista, acordeón e membro fundacional, Xosé R. Vázquez: "Non hai innovación no immobilismo, nin creatividade, só repetición".

Novas

César del Caño e Johán de Requeixo

Nos últimos anos foron aparecendo no mercado musical galego discos importantes dedicados aos nosos trobadores, asemade que libro-discos como o de Martín Codax, na luxosa versión, publicada por Galaxia, de Henrique Monteagudo. Porén, cando nos achegamos a estas obras, semella que o literario prima por riba do musical, consecuencia de conservarmos só os textos e non as partituras. A casual aparición do pergamiño Vindel produciu o achegamento ao mundo sonoro da Galiza Medieval, xunto co libro de organografía que permitiu a (re)construción dos instrumentos do Pórtico da Gloria. Con Johán de Requeixo, poeta do século XIII, non temos tanta sorte, de xeito que as cinco cantigas da súa autoría que transmiten os cancioneros, tiveron que ser musicadas —e interpretadas— polo compositor e cantante, César del Caño, quen soubo achegarse aos textos cun estilo variado, manténdose fiel ao seu espírito, engadíndolle personalidade e bo facer, ao tempo que risco, no tratamento. Nalgunha composición mesmo podemos rastrexar influencias recoñecíbeis: máis na vocalización e no xeito de cantar —Amancio Prada— que na propia composición. O esforzo desenvolvido por César del Caño non debe ficar no esquecemento que, como ben sabemos, se fai dono de todo: a ferruxe vaise instalando na memoria, devorándoa como un famento un anaco de tallada. É, pois, unha magoa que o seu talento o estean a disfrutar alén das nosas fronteiras e que a nós só nos cheguen pequenas pingueiras como este disco que podemos atopar no libro 'Homenaxe a Xohán de Requeixo' e que conta no seu apéndice final coas partituras, para poder ser interpretadas, e un CD para gozar del, e no que o autor dá mostras do seu talento musical.